



1. Introducción

A cuarta edición do Delas Fest, festival feminista de arte urbana e contextual, marcou unha nova etapa na historia do proxecto, nado en 2019 co obxectivo de contribuír á construción de espazos colectivos de deliberación e experimentación con perspectiva de xénero e combater as desigualdades presentes no sector.

Consolidado como unha das citas de referencia no circuío galego de arte urbana, o festival presentou en 2022 un novidoso formato de programación que tentou combinar o mellor da experiencia inaugural, desenvolta ao longo dunha única semana, e das edicións de 2020 e 2021, realizadas ao longo dun mes. Así, as actividades distribuíronse ao longo de sete días en cada un dos concellos implicados, sendo simultáneas en dous municipios cada unha das semanas, o que permitiu a coincidencia e convivencia entre as creadoras, ademais de simplificar a loxística e racionalizar o emprego de recursos.

Ademais, o festival ampliou os eidos da súa dimensión creativa, incorporando a creación da liña gráfica e da documentación audiovisual como parte da selección comisarial. A ilustradora e deseñadora Maru Astray, encargada de realizar a identidade visual do Delas Fest 22, e a cineasta Adriana Páramo, a quen debemos a mirada videográfica, inauguraron a presenza de artistas nestes eidos, no que se pretende que sexa unha nova liña de promoción e visibilización de creadoras feministas dentro da proposta xeral do proxecto.

Á vez, o enfoque teórico e metodolóxico do festival mantívose invariable, coa igualdade, a diversidade, a cooperación e a aposta por dinámicas de creación colectivas como eixo reitor de todas as actividades.

Igualmente, o traballo en colaboración directa cos axentes sociais mobilizados, coas administracións públicas e co tecido empresarial de fóra e dentro dos lindes do noso país, volveu dotar de soporte económico e material ao proxecto, sendo chave o financiamento da Deputación da Coruña e dos concellos de Santiago, Ames, Teo e Brión; os patrocinios de Montana Colors, Ibersa - El Mundo del Pintor, Gadis e ALRO Maquinaria, así como a colaboración de Daveiga - Galletas Mariñeiras e Cafés Candelas.



2. Obxectivos

A contribución á loita colectiva contra as condicións de discriminación e desigualdade que sofren as mulleres da arte urbana, tanto no nivel simbólico coma no material, desde unha perspectiva colaborativa estivo, un ano máis, na cerna do festival. Así, coa intención de seguir a espremer o potencial emancipador da proposta, tanto como ferramenta de despatriarcalización da arte urbana como instrumento para situar ás persoas no centro da produción e goce da creación cultural, o Delas Fest 22 perseguíu os seguintes obxectivos:

- Reducir a discriminación cara ás artistas, os estereotipos de xénero e a invisibilización do traballo das mulleres da arte urbana coa organización de marcos de creación libres, seguros e horizontais.
- Promover e poñer en valor o capital social da comunidade local como produtora de sentido e de coñecemento, implicando a persoas e colectivos tradicionalmente excluídos da participación artística e facilitando ferramentas e espazos de convivencia.
- Xerar espazos de intercambio de experiencias e saberes orientados ao establecemento de relacións de colaboración e apoderamento entre as artistas convidadas e a comunidade.
- Propiciar unha cultura participativa a través da integración da creación contemporánea na vida comunitaria.
- Fortalecer as redes de traballo e ampliar os espazos de encontro construídos a raíz das edicións anteriores do Delas Fest para analizar, de modo colectivo, as desigualdades presentes no sector e fomentar redes que faciliten unha igualdade efectiva.
- Converter o noso territorio nun referente da arte urbana feminista e contextual a nivel internacional, potenciando a imaxe de Galicia como destino cultural asociado á igualdade.
- Transformar as vilas e espazos rurais do noso país dun modo igualitario, apoiando que as mulleres se apropien do espazo público, ocupándoo coas súas experiencias e creacións.
- Facilitar referentes, ferramentas e técnicas creativas á mocidade e, especialmente, ás mulleres máis novas ou non profesionais, que lles resulten de utilidade para facilitar a súa incorporación ao sector profesional da arte.
- Descentralizar recursos e propostas culturais habitualmente destinadas ao contexto urbano cara ao rural, permitindo á poboación de todas as áreas do país acceder á arte contemporánea.

3. Desenvolvemento do festival



O cartel, novamente integrado unicamente por mulleres que desenvolven o seu traballo na rúa desde unha perspectiva feminista, combinou a presenza de artistas galegas con nomes do panorama estatal e internacional.

As encargadas de realizar as obras de gran formato foron Mariana Santos, quen pintou a fachada dun edificio de vivendas en San Lázaro (Santiago); Ceciro, que interviu a antiga escola unitaria de Firmstáns (Ames); Udatxo, quen traballou na Casa Común de Francos (Teo), e Nana, creadora dunha peza na Piscina Municipal de Brión. Tamara Baz e Fitz Licuado encargáronse de impartir os obradoiros de creación colectiva xunto coa equipa de 7H. Ademais, este ano a proposta enriqueceuse coa proxección do documental *Street Heroines*, que dotou tamén dun espazo de reflexión colectivo á proposta.

Nas páxinas que seguen describimos de forma detallada cada unha das actividades que conformaron a programación.

3.1. Xuntanzas entre veciñas anfitriñas e artistas

Un ano máis, a convocatoria *Anfitriñate!* permitiu que as veciñas da comarca tiveran a oportunidade de influír no proceso creativo das obras, trasladando ás súas autoras información, vivencias e coñecementos que alimentaron o seu proceso de creación e, á vez, que as creadoras convidadas puideran profundar na identidade viva da vila que as acolleu a partir dunha relación próxima coas súas habitantes.

Seguindo o exitoso esquema de anteriores edicións, a equipa mediadora de 7H convocou dúas xuntanzas orientadas ao intercambio e a convivencia na que participaron tanto persoas que se anotaron a partir da convocatoria pública, lanzada en redes sociais e difundida en medios de comunicación, como a partir dos convites realizados a asociacións e colectivos con arraigo no territorio.



A primeira reunión, de carácter virtual, serviu como toma de contacto e permitiu aliñar a colaboración das veciñas ás necesidades e intereses das artistas (por exemplo, participando na busca de información e de documentación). O segundo encontro, celebrado xa presencialmente o día antes do inicio de cada unha das intervencións artísticas, permitiu as creadoras amosar ás súas anfitriñas o deseño preparado co fin de recoller suxestións e explicar o seu proceso de traballo, así como compartir momentos de lecer distendidos que favoreceron a creación de fermosos vínculos.



3.2. Intervencións artísticas

3.2.1. Mural de Mariana Santos no Concello de Santiago

A muralista e artista plástica Mariana Duarte Santos (Lisboa, 1995) realizou unha intervención mural que honra a biografía colectiva dos barrios composteláns de San Lázaro e Amio mediante a representación de triscos da memoria compartida.

A composición, situada nunha fachada cedida por unha comunidade de veciñas a través da convocatoria de *Muros en Man Común*, caracterízase pola forza expresionista de liñas e trazos e o contraste entre a monocromía en branco e negro, símbolo do que fomos, e a nota de cor dunha man, representación do que somos hoxe, que remexe entre os recordos comúns. Foron os relatos e imaxes compartidas por integrantes da AAVV Monte do Gozo e veciñanza da zona onde se localiza a intervención os que alimentaron a peza da creadora portuguesa, quen centrou a súa mirada sobre o protagonismo feminino en escenas recorrentes na cotiandade do barrio, como a labranza, a sega e a venda de leite, a crianza e os coidados en tempos de fame e penurias ou as despedidas que precedían á emigración americana.





3.2.2. Mural de Ceciro no Concello de Ames

A artista visual Cecilia Rodríguez Oddone (Paysandú, Uruguai, 1982), coñecida artisticamente como Ceciro, converteu a antiga escola unitaria de Firmistáns, hoxe vivenda de acollida temporal, nunha interpretación contemporánea do pasado da comarca.

Desde unha mirada colorista e poética, a artista uruguia transformou a información facilitada por integrantes da Asociación Veciñal San Pedro de Bugallido nunha peza que, a través dunha composición que se estende en dous panos, honra a todas as mulleres que, durante xeracións, sostiveron o peso da vida na cabeza, xa fose cargando cántaros de leite ou auga, cestas con piñas e carozos ou sacas cos froitos da horta.

"A ruta das leiteiras", título co que denominou a obra, é a metonimia, en forma de retrato pictórico (ou de relato visual) do vínculo entre terra, traballo feminizado e sustento colectivo que describe a historia da área compostelá en xeral, e da aldea de Bugallido, en particular.





3.3.3. Mural de Udatxo no Concello de Teo

A muralista e artista plástica Udane Juaristi (Azkoitia, 1985), coñecida artisticamente baixo o pseudónimo de Udatxo, interviu as paredes laterais da Casa Común de Francos con dúas escenas que reavivan a identidade comunitaria e a memoria colectiva da comarca.

En "Pulpeira" e "San Martiño", títulos cos que nomeou aos murais, a artista vasca representou dúas escenas cotiás da feira cabalar que, desde o século XVI, se celebra na carballeira de Francos, situada á beira do edificio. A súa creación xurdiu da inspiración que alimentaron as veciñas da AV Carballeira do San Martiño, quen compartiron as vivencias e tradicións propias da cultura popular desta festividade, e do relato visual existente nas fotografías do arquivo municipal, entre as que a creadora vasca detivo a súa mirada nun par de instantáneas do fotoxornalista local Álvaro Parajó.





3.2.4. Mural de Nana no Concello de Brión

A muralista Diana Rodeiro (Santiago de Compostela, 1983) realizou unha colorista e alegre composición na Piscina Municipal de Brión que, mediante unha narrativa articulada en dúas escenas, reivindica o papel central do xogo na construción identitaria e, á vez, convida a reflexionar sobre os velos que nubran a análise da realidade (ás veces, para volvela deliberadamente opaca).

A obra, titulada "A pita cega", defende tamén a importancia do vínculo cos espazos naturais a través dun ambiente bucólico e envolvente que estimula a imaxinación. Na obra adquire un protagonismo relevante unha rocha con gran fama: a súa presenza no patio do colexio de Pedrouzos, marcou, literalmente, os pantalóns e, emocionalmente, os recreos, de varias xeracións, tal e como lle relataron varias veciñas anfitrías á creadora.





3.3. Programa de obradoiros

Un ano máis, o Delas Fest ofreceu varios obradoiros gratuítos de creación de pintura mural con diferentes técnicas, dirixidos por artistas profesionais e apoiados por docentes especializadas, co fin de xerar espazos de aprendizaxe colaborativos e horizontais nos que calquera persoa puidera adquirir e perfeccionar técnicas e habilidades desde unha mirada de xénero apegada ao territorio.

3.3.1. Realismo en spray. Obradoiro de perfeccionamento no Concello de Santiago

Dirixido por: Tamara Baz co apoio de 7H Cooperativa Cultural

Datas, horario e localización: sábado 11 de xuño, de 11h a 14h e de 16h a 19h no CEIP Fontiñas de Santiago

A artista guardesa Tamara Baz Alonso (A Guarda, 1985) foi a encargada de dirixir o obradoiro de perfeccionamento en spray, realizado no muro exterior do CEIP das Fontiñas de Compostela. Para poñer en práctica a técnica do realismo e, á vez, deixar unha pegada vinculada á heteroxénea identidade do barrio, as participantes realizaron cadansúa peza a partir da representación de diversos rostros de muller inspirados en fotografías.



3.3.2. Obradoiro de iniciación ao spray no Concello de Ames

Dirixido por: 7H Cooperativa Cultural

Datas, horario e localización: domingo 12 de xuño, de 11h a 14h e de 16 a 19h en Bugallido

Neste taller, 7H compartimos unha tarde de iniciación ao spray cun interxeracional grupo de veciñas. Primeiro, as participantes familiarizáronse cos diferentes tipos de trazos a través da práctica sobre caixas. Despois, xa co pulso entrenado, dividíronse en pequenos grupos para trasladar o bosquejo á parede e dar cor ás distintas figuras e elementos. Como resultado do traballo en equipo, o palco da festa da aldea loce un mural no que convive o retrato do baile tradicional con elementos naturais vinculados á toponimia do lugar.



3.3.3. Realismo en pintura mural. Obradoiro de perfeccionamento no Concello de Teo

Dirixido por: Fitz Licuado co apoio de 7H Cooperativa Cultural

Datas, horario e localización: sábado 18 e domingo 19 de xuño, de 10h a 15h no Campo de fútbol Juan Amado (A Ribeira, Reis)

Dirixido a persoas interesadas en perfeccionar os seus coñecementos en pintura mural desde a perspectiva do realismo, o obradoiro realizouse en dúas sesións intensivas no Campo de Fútbol do Praíña, en Teo. Na primeira xornada, a artista Fitz Licuado (Montevideo, 1986) compartiu co grupo de participantes pautas para crear unha peza desde a fase de deseño, o marcado na parede mediante o uso da cuadrícula e a creación dunha gama cromática. Ao día seguinte, todas pintaron de forma colaborativa unha obra que ten na reivindicación da igualdade no deporte o seu fío condutor.



3.4. Proxección de *Street Heroines*

Grazas á colaboración de Montana Colors, fábrica catalá de pintura en spray patrocinadora do festival, Compostela acolleu a estrea en Galicia da longametraxe documental *Street Heroines*, dirixida pola realizadora norteamericana Alexandra Henry. O filme, gañador do Premio do Xurado ao Mellor Documental no Festival de Cine de Portland, entre outros galardóns, celebra o valor das mulleres que, malia o sexismo e a falta de recoñecemento, formaron parte do movemento do graffiti e da arte urbana desde os seus comezos.

A proxección realizouse o 20 de xuño no Auditorio de Galicia con entrada de balde e contou coa participación de Henry, Nana e Fitz Licuado, quen intercambiaron impresións sobre a cinta e conversaron arredor das dificultades que o xénero impón ás mulleres que traballan no espazo público desde as súas experiencias persoais.




4. Plan de comunicación e repercusión mediática

A partir da estratexia habitual de comunicación do festival, baseada na calendarización e combinación de actividades presenciais e accións na esfera dixital, esta edición contou con algunhas novidades no enfoque e nas vías para procurar a atención de medios e veciñanza.

Os labores de difusión previa adquiriron unha nova dimensión coa organización dunha acción artística promocional orientada a presentar as datas do festival e, á vez, festexar a súa continuidade a través da reivindicación dos valores a prol da igualdade e de apego o territorio que o sosteñen. Con este fin, a finais do mes de abril, a equipa de 7H realizamos un mural conmemorativo nun dos concellos participantes no festival.

A actividade, xurdida da colaboración entre o Delas Fest, o grupo de restauración teense Fogar do Santiso e a empresa Montana Colors, plasmou o espírito do festival a través dunha peza centrada na visibilización e reivindicación do rol feminino na identidade e benestar da comunidade local. O deseño, protagonizado pola forza e o traballo da muller no rural a través da mirada dunha labrega, realizouse de forma colaborativa a partir da recollida de ideas entre o persoal traballador do establecemento, que ofreceu a parede na que se realizou a obra a través da convocatoria *Muros en Man Común*.



A curiosidade xerada por esta actividade permitiu despreparar o resto de tarefas promocionais. Entre elas, cabe mencionar o lanzamento das convocatorias *Anfitriónate* e *Muros en Man Común*, para as que se realizaron a colocación de carteis, envíos de notas de prensa e publicacións en redes sociais, así como a celebración dun acto de presentación do conxunto da programación no Concello de Santiago na que participaron representantes de tres dos catro municipios implicados.



Xa durante a celebración do festival, a estratexia comunicativa centrouse en dar conta dos avances das diferentes actividades, mantendo a atención e o interese arredor do mesmo a través dunha actualización constante nas redes sociais, fundamentalmente con fotografías e pequenos clips. Como resultado deste traballo, o festival estivo presente ao longo de varias semanas en diferentes medios locais e galegos, como damos conta a continuación:

- **26 de abril.** Información sobre o anuncio das datas do Delas Fest en *Quincemil*: <https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/el-delas-fest-anuncia-nueva-edicion-con-un-mural-en-el-fogar-do-santiso-en-teo-a-coruna>
- **26 de abril.** Información sobre o anuncio das datas do Delas Fest en *Galicia Confidencial*: <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/196483-regresa-delas-fest-regresa-arte-feminista-rua>
- **26 de abril.** Información sobre o anuncio das datas do Delas Fest en *La Voz de Galicia*: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/teo/2022/04/25/fogar-do-santiso-estrena-nuevo-mural-dedicado-mujeres-teo/00031650890001872603191.htm>
- **26 de abril.** Información sobre o anuncio das datas do Delas Fest en *El Correo Gallego*: <https://www.elcorreogallego.es/protagonistas/el-sector-privado-tambien-apuesta-por-el-feminismo-y-ve-futuro-para-el-rural-DC11024412>
- **13 de maio.** Información sobre a convocatoria de anfitrionas do Delas Fest en *Galicia Confidencial*: <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/198503-delas-fest-busca-vecinanza-achegue-ideas-murais-cuarta-edicion>
- **13 de maio.** Información sobre a convocatoria de anfitrionas do Delas Fest en *Quincemil*: <https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/el-delas-fest-busca-vecinas-de-santiago-ames-teo-y-brion-para-inspirar-sus-murales>

- **1 de xuño.** Información sobre a presentación da cuarta edición do Delas Fest en *La Voz de Galicia*: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/teo/2022/05/30/vuelve-delasfest-talleres-obras-santiago-ames-teo-brion/0003_202205S30C6993.htm
- **2 de xuño.** Información sobre a presentación da cuarta edición do Delas Fest na web do Concello de Santiago: http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?lg=gal&id_nova=21582
- **2 de xuño.** Información sobre a presentación da cuarta edición do Delas Fest en *Enfoques.gal*: <https://enfiques.gal/compostela/ames/el-delas-fest-llenara-de-arte-color-y-reivindicacion-los-muros-de-ames-santiago-brion-y-teo/>
- **2 de xuño.** Información sobre a presentación da cuarta edición do Delas Fest en *La Voz de Galicia*: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2022/06/02/cuatro-artistas-interpretan-territorio-nuevos-murales-delas-fest-santiago-ames-brion-teo/00031654199391920452692.htm>
- **16 de xuño.** Información sobre as actividades do Delas Fest en Ames en *Enfoques.gal*: <https://enfiques.gal/compostela/ames/el-delas-fest-deja-un-mural-en-la-antigua-escuela-unitaria-de-firmistans-en-ames/>
- **18 de xuño.** Información sobre as actividades do Delas Fest en *Praza Pública*: <https://praza.gal/cultura/o-delas-fest-toma-o-pulso-a-situacion-das-artistas-do-graffiti-co-documental-street-heroinas>
- **21 de xuño.** Información sobre as actividades do Delas Fest en Brión en *Nós Diario*: <https://www.nosdiario.gal/event/intervencion-artistica-mural-nana-brion>
- **22 de xuño.** Información sobre as actividades do Delas Fest en Ames en *El Correo Gallego*: <https://www.elcorreogallego.es/ocorreodaareadecompostela/o-delas-fest-lembrou-en-firmistans-as-leiteiras-MD11476820>
- **22 de xuño.** Entrevista con Ceciro, artista do Delas Fest, en Radio Ames (a partir do 7'15"): <https://amesradio.gal/podcast/somos-ames-22-06-2022/>
- **27 de xuño.** Información sobre as actividades do Delas Fest en *La Voz de Galicia*: <https://www.lavozdeg Galicia.es/album/santiago/santiago/2022/06/25/delas-fest-amplia-legado/01101656181222123656518.htm>
- **27 de xuño.** Información sobre as catro edicións do Delas Fest en *VINTE*: <https://vinte.praza.gal/coleccion/delas-fest-dez-murais-para-repensar-o-espazo-publico?fbclid=IwAR3vKPJ7mp3xycysJv6yaz1TryjvXDRtayrWDdh3crA6AwCLclCAEIPKJJOQ>
- **29 de xullo.** Información sobre o mural de Nana en Brión en *La Voz de Galicia*: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/brion/2022/07/28/span-langgl-pita-cegaspan-mural-brion-dedicado-juegos-infancia/00031659040390956263569.htm>

Finalmente, no período posterior ao remate do proxecto, realizouse un labor de resumo e balance público mediante a publicación en redes sociais do material fotográfico e audiovisual xerado ao longo do proxecto. Nese senso, cómpre destacar a boa resposta pública expresada nas canles virtuais, pois as numerosas publicacións realizadas nas contas de 7H Cooperativa Cultural e Delas Fest en Facebook, Twitter e Instagram rexistraron altos niveis de actividade (interaccións, número de “gústame”, número de post compartidos, comentarios etc). Sirvan como exemplo as publicacións en Facebook coas [fotografías do proceso de Ceciro](#), que alcanzou a 6.200 persoas e rexistra 497 clics no contido, de [Udatxo](#), que chegou a 6.863 persoas e 1.415 clics na publicación, ou de [Nana](#), con 4.569 persoas alcanzadas e 1.234 clics sobre o post.



5. Conclusións

Alén dos avances na visibilización e dignificación do traballo das artistas urbanas impulsados polo Delas Fest dentro do sector, resulta tamén importante sinalar e valorar o impacto sociocultural da proposta tras o desenvolvemento de catro edicións.

Tendo en conta que, en última instancia, o festival aspira a impulsar transformacións estruturais na forma de entender e de atender a participación e a vida en comunidade, cómpre subliñar o rol revitalizador e socialmente estimulante das intervencións murais, especialmente en localizacións urbanisticamente degradadas, anódinas ou, simplemente, carentes de significado no imaxinario colectivo. A representación visual de subxectividades, que definen e atravesan á comunidade, nas que o protagonismo feminino racha co discurso hexemónico no espazo público, non só está a permitir que se reivindicue o rol da muller en diferentes esferas da vida social senón que facilita a conversión desta demanda nunha oportunidade para restablecer espazos e dinámicas de convivencia entre veciñas.

A boa resposta da cidadanía á convocatoria *Anfitriónate!*, na que a participación da veciñanza é chave para que as artistas poidan establecer un diálogo creativo co territorio, confirma a existencia dun interese latente por ser parte dos procesos de creación cultural desde unha posición activa e creativa. Igualmente, a implicación de persoas de diferentes idades, formacións e habilidades nos obradoiros reafirma a existencia unha demanda crecente entre a cidadanía por ter capacidade de decisión e acción na transformación artística do espazo público.

Nesa liña, a cada vez maior apertura de particulares e veciñas a ceder gratuitamente e sen condicionantes os seus muros e fachadas para que nelas se realicen intervencións artísticas amosa, do mesmo xeito, o impulso que iniciativas como *Muros en Man Común* achegan á democratización da expresión no espazo público, amosando novas vías para que a propiedade privada poida ser soporte dun ben do común como é o de construír un relato compartido nas rúas.









7H Cooperativa Cultural é un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Aspiramos a xerar un modelo de participación que, desde **a educación artística, a creación contemporánea e a comunicación cultural** fomenta o diálogo, o recoñecemento e a visualización da diversidade cultural, promovendo a transformación colectiva do noso contexto. Con este fin e como especialistas en **participación, feminismos e capacidades diferentes**, traballamos desde os principios de inclusión, igualdade e diversidade para garantir a participación de todas persoas nos procesos de creación cultural contemporánea.

Constituída en 2015, 7H nace ao amparo do **Premio Emprende Gaiás-Sixto Seco** á mellor idea empresarial creativa. En 2016 recibimos o **Premio aos Valores Cooperativos**, concedido polo Consello Galego de Cooperativas polo noso coidadoso traballo en colectividade e, en 2018, a Deputación da Coruña outorgounos o **Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero** en recoñecemento ao noso programa de arte urbana feminista *Elas Tamén Pintan*, a distinción da que nos sentimos máis orgullosas.

*Educamos creatividade
comunicamos cultura*



www.7Hcoop.gal
7hcoop@7hcoop.gal
881978756 · 637894033

